

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA CORUÑA**

ANUNCIO de modificación das bases da convocatoria do proceso selectivo convocado para a cobertura de dúas prazas de socorrista (agrupacións profesionais), C.E. 13/22.

No *Diario Oficial de Galicia* número 64, do 31 de marzo de 2023, publicouse o anuncio da convocatoria do proceso selectivo convocado para a cobertura de dúas prazas de socorrista (agrupacións profesionais), C.E. 13/22. As bases específicas aprobadas pola Resolución do concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, por delegación da Xunta de Goberno Local, do 23 de febreiro de 2023, foron publicadas no *Boletín Oficial* da provincia da Coruña, número 41, do 1 de marzo de 2023. Mediante a Resolución do concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, por delegación da Xunta de Goberno Local, do 2 de maio de 2023, modificáronse as devanditas bases e esta modificación foi publicada no *Boletín Oficial* da provincia da Coruña, número 86, do 8 de maio de 2023.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais, contados desde o día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Esta convocatoria e a súa resolución publicaranse nos boletíns oficiais correspondentes.

A Coruña, 9 de maio de 2023

O alcalde
P.D. (A Xunta de Goberno Local do 3.7.2019)
Manuel Ángel Jove Losada
Director de Economía, Facenda e Réxime Interior

